





## ACTUALIZACIÓN SITUACIÓN METEOROLÓXICA DÍAS 14 AO 17 XANEIRO

**Domingo 14 – Xaneiro:** A situación continuará dominada polos ventos do suroeste, que soprarán con menor intensidade que na xornada de onte. As chuvias que foron persistentes e de intensidade moderada ao longo da primeira metade da mañá tenderán a remitir pola tarde. Mar combinada con ondas de 2 a 3 metros de altura no litoral atlántico.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do domingo 14 de xaneiro


**Luns 15 – Xaneiro:** Durante a xornada do luns as baixas presións continuarán ao oeste da península Ibérica, achegando masas de aire húmido e morno cara a Galicia. Isto quere dicir que temos que agardar unha xornada de chuvias débiles e intermitentes no litoral, con ventos do suroeste, que ao igual que o luns non soprarán con moita intensidade. A altura das ondas quedará en mar aberto no entorno dos 2 metros de altura





Ventos e correntes previstas para o mediodía do luns 15 de xaneiro



**Martes 16 – Xaneiro:** Galicia continuará un día máis na influencia dunha borrasca localizada entre os Azores e a península Ibérica. Continuará polo tanto a chegada de masas de aire morno pero moi cargado de humidade. As chuvias terán carácter intermitente ao longo da xornada, acadando intensidade moderada. Os ventos no litoral soprarán do sur con intervalos fortes. Aviso amarelo por forza 7 durante a tarde no litoral atlántico. O mar combinado irá en aumento ata superar os 3 metros de altura en mar aberto.




MeteoGalicia - Xunta de Galicia





MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do martes 16 de xaneiro

**Mércores 17 – Xaneiro:** Na xornada do mércores o centro da borrasca atoparase moi preto de Galicia o que previsiblemente ocasionará un deterioro significativo nas condicións meteorolóxicas. As chuvias irán caendo de xeito intermitente, pero por momentos con forte intensidade e os ventos do suroeste terán forte intensidade durante toda a xornada. En canto ás ondas superarán os 4 metros durante a mañá e os 5 metros pola tarde no litoral atlántico.



MeteoGalicia - Xunta de Galicia



MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do mércores 17 de xaneiro



## Valoración sobre a chegada dos "pellets" ao litoral de Galicia

Dende hoxe e ata o mércores as condicións meteorolóxicas deixarán ventos do sur-suroeste, que combinados coas correntes predominantes de sur a norte, facilitarían a entrada dos pellets se os houbo aínda na plataforma. Estes ventos hoxe domingo e mañá luns non soprarán con moita intensidade, pero si serán fortes o martes e o mércores deixando unha situación marítima moi alterada. Iso si, se todo vai segundo o previsto, a partir do xoves podería producirse un cambio nas condicións dos ventos, cambiando a norte e predominando posteriormente a compoñente leste durante a vindeira fin de semana.

### Información sobre as mareas:

Domingo, día 14:

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	06:07	4.1	Preamar	05:44	4.0	Preamar	05:50	4.0
Baixamar	12:21	0.4	Baixamar	12:01	0.4	Baixamar	12:06	0.4
Preamar	18:35	3.7	Preamar	18:14	3.6	Preamar	18:18	3.6

Luns, día 15:

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	00:34	0.6	Baixamar	00:13	0.6	Baixamar	00:18	0.6
Preamar	06:54	4.1	Preamar	06:31	3.9	Preamar	06:37	3.9
Baixamar	13:09	0.5	Baixamar	12:48	0.5	Baixamar	12:53	0.5
Preamar	19:23	3.6	Preamar	19:01	3.5	Preamar	19:06	3.5

Martes, día 16

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	01:22	0.7	Baixamar	01:00	0.7	Baixamar	01:06	0.7
Preamar	07:44	3.9	Preamar	07:21	3.7	Preamar	07:27	3.8
Baixamar	13:59	0.7	Baixamar	13:38	0.7	Baixamar	13:43	0.6
Preamar	20:14	3.5	Preamar	19:52	3.3	Preamar	19:57	3.3



Mércores, día 17

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	02:14	0.9	Baixamar	01:52	0.9	Baixamar	01:58	0.9
Preamar	08:37	3.7	Preamar	08:14	3.5	Preamar	08:20	3.6
Baixamar	14:52	0.9	Baixamar	14:32	0.9	Baixamar	14:36	0.9
Preamar	21:10	3.3	Preamar	20:48	3.1	Preamar	20:53	3.2

**Datos en tempo real:**

**Meteorolóxicos:**

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/meteovisor/indexVisor.action>

**Océano-meteorolóxicos:**

<http://www.intecmar.gal/Plataformas/plataformas.aspx>

**Máis información dos modelos:**

<https://www.meteogalicia.gal/modelos/inicio.action>